

Podemos construír unha educación xeográfica desde a rede?

Xosé Manuel Souto González

Proxecto Xea-Clío

No mes de xuño do ano 2008 un grupo de profesores iberoamericanos, que tiñamos unha relación na rede a través do correo electrónico, decidimos, coa axuda do *portal Geocrítica* da Universidade de Barcelona, artellar un Foro para mostrar as nosas opinións sobre a importancia de educar xeograficamente á cidadanía¹. Tanto onte como hoxe entendemos que o coñecemento xeográfico é útil para explicar as desigualdades sociais no mundo, a situación de risco ambiental e mesmo para comprender a nosa situación individual no mundo en que vivimos.

A posible inxenuidade da proposta estaba enchida dunha vontade firme por mostrar en público os nosos argumentos e escoitar as voces de persoas que estaban lonxe fisicamente, pero próximas na situación ética e social. Despois dun ano de existencia o foro foi visitado máis de 10.500 veces² e o número de intervencións e documentos colgados enchen un baleiro que aspiramos a cubrir: dispor dun lugar onde podamos intercambiar as nosas inquedanzas, dúbidas, experiencias e arelas de mudar o ensino escolástico cara a una educación que permita explicar os factores que están por baixo da realidade aparente.

Un espazo comunicativo plural nas súas linguaxes (os autores escriben en castelán-español, galego-portugués e catalán-valenciano) e común nos obxectivos que se perseguen. Queremos pór a disposición dos interesados un foro para o libre intercambio de ideas, experiencias e teorías sobre o ensino reglado, non formal e informal dos distintos niveis educativos nos países iberoamericanos. Como sintetizaba F. Araya, a través dos comentarios de E. Ramiro nas primeiras intervencións no Foro, as diferencias, a variedade cultural e lingüística era un dos aspectos positivos³, pois representa a heteroxeneidade do profesorado e da sociedade fronte a homoxeneidade cultural que se aspira implantar desde os poderes dominantes do mercado mundial da cultura.

1.-Por qué facer un Xeoforo?

Por estes motivos e para ofrecer unha imaxe pública da educación xeográfica que sexa, cando menos, diferente a ese predominio de feitos e datos enciclopédicos que se transmite na maioría dos libros de texto, nas

¹ O Xeoforo iberoamericano pódese atopar dentro do portal de "Geocrítica" na mesma sección que "Ensino" e tamén nos enderezos: <http://geoforoiberoamericano.blogspot.com/> e: <http://foroiberoamericano.blogia.com/>, como consecuencia do seu novo formato.

² Esta cantidade refírese ao blog máis antigo, pois do segundo blog non temos estatísticas precisas para medir as consultas realizadas

³ A síntese do profesor Fabián Araya está publicada en Biblio3W: ARAYA PALACIOS, Fabián. Enseñanza, investigación y conocimiento geográfico en contextos escolares formales y no formales. *Biblio 3W. Revista Bibliográfica de Geografía y Ciencias Sociales*, Universidad de Barcelona, Vol. XIV, nº 831, 15 de julio de 2009. <<http://www.ub.es/geocrit/b3w-831.htm>>. [ISSN 1138-9796].

explicacións dos profesores e nas probas externas que avalían a súa aprendizaxe. Ademais entendemos que a estrutura horizontal da rede favorece o intercambio sincero das ideas das persoas, lonxe das limitacións que existen nas publicacións académicas, condicionadas pola xerarquía e o curriculum persoal. En esencia o que pretendemos é debatir sobre a utilidade social do ensino da xeografía, pois de nada serve investigar e innovar se a materia educativa non responde ás demandas sociais de interpretar o mundo onde se vive e facilitar a adquisición de actitudes e procedimentos que permitan desenvolver a autonomía cidadán para todos os alumnos⁴.

Neste senso aspírase a que o coñecemento da xeografía permita educar para a cidadanía no século XXI, nunha liña de actuación que xa foi proclamada nun monográfico onde participaron gran parte dos profesores que agora interveñen neste Foro⁵. Entendemos que neste ámbito pluridisciplinar a xeografía ten un importante rol, como é a explicación dos factores sociais e ambientais que determinan a ordenación do territorio, as identidades espaciais e as marxinacións sociais e desequilibrios ecolóxicos no medio. Unhas situacións e problemas que definen o eixo do ensino xeográfico, segundo a nosa perspectiva, e que precisa do coñecemento de técnicas e metodoloxía de carácter didáctico.

Esta preocupación pola cidadanía é un asunto recorrente nas reflexións didácticas da xeografía, como podemos observar nas comunicacións presentadas no X Coloquio de Geocrítica⁶. Igualmente esta inquedanza está presente na política iberoamericana, como se pode comprobar en reunións internacionais, como foi a que tivo lugar en abril de 1991 en Quito⁷. Un foro onde se afirma que a educación debe garantir o compromiso das sociedades co futuro das novas xeneracións, se ben constreñido ás demandas sociais, económicas e culturais que se deseñaban polos poderes hexemónicos. Velaí o reto deste foro: non caer nos cantos de sirena que sonan desde o poder cultural, económico e político, ser quen de rebelarse contra o dominio da lingoaxe hexemónica, evitar caer na autocomplacencia dos propios discursos e fornecer ás comunidades escolares dun discurso crítico co papel do ensino na sociedade “do coñecemento”.

⁴ Pretendemos mostrar que nos inicios do século XXI o ensino da xeografía non só se corresponde coa imaxe pública enciclopédica e obsoleta da asignatura, condicionada pola acumulación de datos que aparecen nos libros de texto ou nas preguntas que aparecen nas probas de acceso á universidade ou para adquirir o título de ensino básico. Rachar con esta imaxe dominante é situarse nunha posición crítica respecto do coñecemento académico dominante.

⁵ Referímonos ao conxunto de artigos da revista *Didáctica Geográfica*, segunda época, número 9, Valencia: Grupo de Didáctica de la AGE, Univ. Complutense de Madrid e editorial ECIR, 2007. Monográfico sobre xeografía e educación para a cidadanía.

⁶ Así destacamos FERNÁNDEZ CASO, M^a V. Geografía y formación ciudadana en el nuevo milenio: elementos para una transmisión significativa de contenidos escolares. *Diez años de cambios en el Mundo, en la Geografía y en las Ciencias Sociales, 1999-2008. Actas del X Coloquio Internacional de Geocrítica*, Universidad de Barcelona, 26-30 de mayo de 2008. <http://www.ub.es/geocrit/-xcol/196.htm> e RODRÍGUEZ DOMÉNECH, M^a Ángeles. Una enseñanza nueva en una cultura nueva. El caso de la geografía en el bachillerato. *X Coloquio Internacional de Geocrítica. Diez años de cambios en el mundo, en la geografía y en las ciencias sociales*, Barcelona, (<http://www.ub.es/geocrit/-xcol/314.htm>). Con diferentes posicións teóricas a pretensión é semellante: relacionar a proposta de educación xeográfica coas novas demandas sociais.

⁷ IV Reunión do Comité Rexional Intergubernamental do Proxecto Principal de Educación para América Latina e o Caribe, integrado polos ministros de Educación dos países da rexión

A transformación que se reclama dos currículos é unha preocupación constante nas persoas que conformamos o Xeoforo, que procede dos intercambios epistolares, das visitas realizadas a estes países e mesmo dos debates que xa temos organizado na rede. En esencia preocupa a deriva que poden manter os programas escolares, pois oscilan entre un pragmatismo económico, controlado pola produtividade, ou ancorarse en posicións culturais obsoletas, que só aspiran a dominar as vontades das persoas, consideradas como clientes e discípulos. Por iso entendimos que era preciso un foro para debater as nosas inquedanzas e difundir as nosas certezas.

Como teñen sinalado outras persoas, non vencelladas aínda a este foro, é preciso estar á altura das esixencias formativas do novo milenio potenciando o estudo de problemas e temas que forman parte da axenda social e política actual⁸. Para poder alcanzar unha perspectiva crítica é preciso fornecer ao alumnado dos instrumentos conceptuais e metodolóxicos que lle permitan interpretar a magnitude de datos e feitos que se transmiten polos medios de información.

Isto supón un reto intelectual e un esforzo pedagóxico persoal. En efecto, máis dunha vez sentímonos lonxe das emocións, razonamentos e opinións das persoas de diferente xeneración, ou sexa o alumnado. Saber comprendelo e buscar unha explicación axeitada, aínda que sexa diverxente, é unha das finalidades da educación xeográfica; non culpabilizar aos adolescentes e mozos das dúbidas e ausencia de compromiso ante a realidade actual, senón ofrecerlle conceptos, técnicas e metodoloxía para enfrontarse aos problemas e decidir libremente. E isto non implica un relativismo ético, senón que xunto á crítica explicativa exista a posibilidade de comprensión de situacións persoais que se derivan dun mundo organizado polos que hoxe somos adultos.

Este xeito de concebir a didáctica transforma a concepción da investigación educativa, pois a aprendizaxe do alumnado e o seu contexto social son os obxectos de análise⁹. Con esta finalidade comezamos un labor de estudo dun proxecto de investigación comparado en diferentes países, tanto sobre a situación co currículo escolar, como dalgúns aspectos parciais, como é a análise das probas externas de avaliación das aprendizaxes realizadas. Un claro exemplo do que dicimos é a publicación dos documentos de Nancy Palacios e Sergio Claudino sobre a situación do ensino básico en relación coas ciencias sociais e a xeografía en Colombia e Portugal¹⁰. Outro exemplo sería o estudo da globalización ou do uso das novas tecnoloxías no ensino da xeografía.

2.-Por qué en Xeocrítica?

O lugar onde está ubicado este foro corresponde co portal Geocrítica da Universidade de Barcelona, que desde hai máis de dez anos dirixe o profesor Horacio Capel. Un portal que conta con revistas monográficas, publicación de

⁸ Fernández Caso (Ibid.)

⁹ Tal como afirma o profesor Araya (op.cit.) buscamos “realizar investigaciones en torno a la didáctica de la geografía relacionada con la vida cotidiana de los estudiantes”.

¹⁰ Estes dúas contribucións están editadas en <http://foroiberoamericano.blogia.com/> na sección de documentos.

artigos xa editados e comunicacións de coloquios e congresos que constitúen unha das mellores fontes de información para investigar sobre o ensino das ciencias sociais e da xeografía en particular.

En efecto, neste portal calquera persoa pode atopar:

- a) *Scripta Vetera*: artigos xa publicados que versan sobre teoría da xeografía, sobre problemas sociais e tamén sobre a educación xeográfica, como se pode apreciar na sección específica dos cadernos de *Xeocrítica*, dos 100 números editados no seu día en papel e agora accesibles de xeito gratuito a través da rede: números 53, 61, 83, 85... Igualmente nesta sección podemos atopar artigos relevantes para a investigación didáctica, como os de Alberto Luis e Jesús Romero sobre o ensino da xeografía no pasado histórico¹¹.
- b) *Scripta Nova*: artigos de investigación, con aportes de datos empíricos, e onde se poden atopar referencias a estudos realizados en diferentes partes do mundo (en especial o mundo iberoamericano), o que revela os intereses dos investigadores universitarios. Algúns artigos están relacionados coa didáctica, como se pode apreciar nos listados temáticos, nos apartados de educación; en efecto, os índices permiten consultar os números que se corresponden con esta temática¹². Ademais os artigos de balanço final anual permiten comprobar a variedade de persoas que colaboran con aportacións plurais e onde o ensino da xeografía ocupa un lugar importante¹³.
- c) *Biblio3W*: unha revista bibliográfica e do estado da cuestión de diferentes ámbitos de investigación, que mostra gran parte das preocupacións sociais dos profesores. Hai artigos relacionados coa didáctica e coa educación, que podemos consultar nos seus índices temáticos e nos números finais de cada ano, como sucedía no caso anterior¹⁴, onde aparecen tanto reseñas de obras bibliográficas, como traballos de investigación e comentarios sobre Congresos, Xornadas e outros eventos.
- d) *Aracne*: revista mensual que informa das novidades existentes no eido das novas tecnoloxías, onde o profesorado pode atopar información relevante sobre os *webquest*, *google maps* ou recursos diversos en internet, como logo imos comentar.
- e) *Coloquios e Congresos*, en especial os referidos ás temáticas sociais (migracións, traballo, vivenda, novas tecnoloxías) que nos permiten atopar unha análise educativa dos grandes problemas e preocupacións humanas. Non obstante, chama a atención que as reflexións sobre o

¹¹ Así aparece un traballo publicado orixinalmente en *Anuario de la Sociedad Argentina de Historia de la Educación*, 7, 2006, p. 122-154 [ISSN 1669-8568] co título "del mariposeo y barullo mental a las primeras formulaciones tecnicistas: los intentos por recuperar el atraso de la enseñanza de la geografía en la escuela española del primer franquismo"

¹² Así no caso da consulta realizada en agosto de 2009 aparecen os seguintes contidos: didáctica Ciències Socials [170 \(67\)](#); didáctica de la geografía [29](#), [32](#), [33](#); didáctica de las ciencias sociales [32](#)

¹³ Referímonos aos números de *Scripta Nova* que corresponden ao final de cada ano natural. Así os números de 2008, de 2007, de 2006, etc. da autoría de Horacio Capel e Mercedes Arroyo

¹⁴ Así no índice temático aparecen 18 números (dun total de 900) que se relacionan directamente con didáctica da xeografía, así como 19 relacionados con educación xeográfica, ensino secundario obrigatorio e educación en xeral. Como podemos apreciar as reseñas e debates sobre este tipo de contidos permite dispór dunha información importante para crear opinión crítica.

ensino non universitario sexa minoritario, ou inexistente, como é no caso dos tres primeiros coloquios.

- f) Ensino e o propio Xeoforo, cos dous enderezos electrónicos xa reseñados. Igual que dixemos hai unhas liñas, o esforzo de *Geocrítica* por incorporar materiais para o ensino da xeografía e construír unha plataforma de pensamento sobre a educación básica aínda non deu os seus froitos, o que subliña a importancia da colaboración dos profesores destes niveis educativos.

A presenza deste foro no portal “*Geocrítica*” aporta ademais dúas sinais de identidade. Por unha banda, a relación con Iberoamérica, liscando do colonialismo cultural do mundo anglosaxón, e potenciando os valores dunha cultura compartida na diversidade¹⁵. En segundo lugar a referencia ao reto de alcanzar un pensamento crítico desde o rigor no uso dos conceptos, nos fundamentos metodolóxicos e nas aportacións de estudos empíricos. Son elementos que enchen de satisfacción, pois sabemos que aportamos o noso saber de xeito desinteresado a un labor complexo e altruista.

Unha relación entre estes artigos e o proceso de ensino crítico da xeografía foi o que intentéi sintetizar na miña comunicación ao X Coloquio de *Geocrítica*, onde daba referencia das diferentes publicacións e traballos de investigación que anovaron o ensino da xeografía nos países iberoamericanos nos últimos decenios¹⁶.

Tal como fica reflexado nas liñas anteriores, no portal de *Xeocrítica* o lector pode atopar numerosas referencias aos intentos de anovar o ensino das ciencias sociais, e da xeografía en particular. Por iso entendemos que o Xeoforo ten o mellor lugar posible para relacionarse cunha plataforma on-line que é coherente coa difusión dun pensamento crítico.

3.-Aportacións desde o Xeoforo

As aportacións ao Xeoforo Iberoamericano canlízanse a través de documentos elaborados para ser debatidos públicamente. Así ata este intre no Foro atopamos os seguintes:

ARAYA, Fabián: *La Didáctica de la Geografía en América Latina: experiencias y tendencias*

CLAUDINO, Sergio: *O ensino da Geografía em Portugal: tradições e desafios*

PALACIOS, Nancy: *Transformación y crisis de la escuela: algunas reflexiones sobre el caso colombiano. Repercusiones en la Enseñanza de las Ciencias Sociales*

SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. *¿Por qué enseñar geografía en el siglo XXI?*

¹⁵ O interese do portal polo mundo iberoamericano podémolo comprobar nas preocupacións dos artigos das diferentes revistas, así como o título do *Primeiro Coloquio Internacional de Xeocrítica: Iberoamérica ante los retos del siglo XXI*, que podemos consultar nas súas comunicacións en *Scripta Nova*, Nº 45, 1 de agosto de 1999

¹⁶ SOUTO GONZÁLEZ, X. M. Una educación geográfica para el siglo XXI: aprender competencias para ser ciudadano en el mundo global. *Diez años de cambios en el Mundo, en la Geografía y en las Ciencias Sociales, 1999-2008. Actas del X Coloquio Internacional de Geocrítica*, Universidad de Barcelona, 26-30 de mayo de 2008. <http://www.ub.es/geocrit/-xcol/19.htm>

Nas respostas e comentarios aparecen reflexións de contido que permiten realizar as sínteses finais, como a que realizou F. Araya¹⁷ na revista *Biblio 3W*, onde o lector atopa un comentario crítico que invita á lectura dos documentos e opinións orixinais. No caso presente as preguntas que se buscaban responder colectivamente afectaban aos aspectos centrais do saber xeográfico; o seu interese como coñecemento escolar (formal e informal), a relevancia da investigación e da formación docente, así como ás actitudes éticas que implican compromisos persoais.

Os aportes metodolóxicos dos participantes fixeron referencia á relevancia de definir claramente o obxecto de estudo da didáctica da xeografía, a importancia dos paradigmas, a identificación das fontes de investigación e a necesidade de xenerar investigación contextualizada en ámbitos xeográficos e socio-culturais específicos.

Os debates sobre o obxecto de estudo da didáctica da xeografía deu lugar á intervención de novas aportacións. Así o caso da profesora Diana Durán, e o grupo *Geoperspectivas*, desde Arxentina, que insistía na necesidade de investigar en asuntos que relacionen a ciencia e a educación xeográfica, para pechar o abismo que separa estes dous ámbitos profesionais.

Nesta liña de relacionar a investigación universitaria coa práctica escolar atopamos a aportación de Liliana Rodríguez desde Colombia, que aportaba a síntesis de catro eixos de desenvolvemento espacial; os referidos aos conceptos básicos da materia, os relacionados coas habilidades básicas, os integrados no pensamento das ciencias sociais e os que se circunscriben á representación espacial. Non obstante esta complementariedade non era nin é fácil, como sinalaba o profesor venezolano José A. Santiago, que denunciaba a contradición existente entre as propostas da investigación didáctica e as prácticas das aulas escolares¹⁸.

Deste xeito temos que preguntarnos cal son as lóxicas que definen a identidade da materia escolar da xeografía, pois a denominada “traslación didáctica” entre o saber académico e a práctica escolar non funciona como se supoñía. A este respecto ten importancia o estudo histórico que se ten realizado sobre o ensino da xeografía, pois mostra a importancia dos factores sociais e culturais no proceso histórico da constución da materia escolar; en especial quero subliñar o traballo dos profesores Alberto Luis y Jesús Romero, pois mostran a importancia dos axentes sociais e os plans institucionais na constitución da materia escolar da xeografía¹⁹.

¹⁷ARAYA PALACIOS, Fabián. Enseñanza, investigación y conocimiento geográfico en contextos escolares formales y no formales. *Biblio 3W. Revista Bibliográfica de Geografía y Ciencias Sociales*, Universidad de Barcelona, Vol. XIV, nº 831, 15 de julio de 2009. <<http://www.ub.es/geocrit/b3w-831.htm>>. [ISSN 1138-9796].

¹⁸ A cita, que corresponde ao debate correspondente ao documento sobre Educación Iberoamericana do profesor Fabián Araya, di: “En la enseñanza de la geografía en América Latina hay una evidente contradición. Los cambios y adelantos en los espacios académicos no se corresponden con los acontecimientos de la geografía escolar. Mientras la docencia y la investigación, aportan extraordinarias propuestas teóricas y prácticas renovadas y justificados en conocimientos de actualidad, la práctica escolar sigue en su atraso y desfase de esos avances.” Todas as referencias que fagamos dos comentarios do Foro pódense consultar nos enderezos electrónicos xa sinalados.

¹⁹ Sobre este particular realicé o meu comentario en SOUTO GONZÁLEZ, X.M. Luis Gómez, Alberto y Romero Morante, Jesús. *Escuela para todos, conocimiento académico y geografía escolar en España (1830-1953)*. *Biblio*

As materias escolares defínense nun espazo en un tempo escolar e coa presenza de recursos, entre os que destacan sen dúbida algunha os manuais escolares. No segundo debate centrado no proceso de globalización quixemos facer un anticipo destes instrumentos, pero aínda non existen suficientes aportacións. O que se realizou dun xeito pragmático e funcional foi unha síntese da enorme cantidade de recursos que existen na rede para poder traballar na didáctica da xeografía. O traballo de F. García e C. Martín pensamos que é un labor útil para outros docentes que aspiran a traballar desde a rede²⁰.

Como eles mesmos recoñecen algúns recursos xa tiñan certa tradición de uso en formato convencional, pero agora son máis accesibles; outros son recursos novos, producidos dixitalmente. Por isto ten interese facilitar ao profesorado unha selección destes materiais e instrumentos para o ensino da Xeografía, organizados en dez grandes seccións temáticas, para un mellor aproveitamento dos mesmos.

No documento do blog titulado “Balance do primeiro ano” aparecen dous cadros que recollen as opinións recibidas no mes de xuño de 2009 en relación cos documentos publicados (ver cadros 1 e 2). Os problemas técnicos que aínda existen lastran a súa difusión, pero esperamos melloralos en pouco tempo. Así no segundo blog as intervencións dos cibernautas son máis reducidas. As dificultades de pasar dun blog a outro e as dúbidas sobre o xeito de colocar os documentos crearon obstáculos á participación

Cadro 1: Documentos colocados polos administradores e comentarios recibidos directamente na rede no primeiro blog BLOG del Geoforo

| Documentos colocados polos administradores do Xeoforo | Comentarios recibidos desde a rede |
|---|------------------------------------|
| Presentación | 4 |
| Primeiro Debate: sentido do ensino da xeografía | 16 |
| Segundo debate. A globalización | 7 |
| Educación Iberoamericana | 8 |
| Investigación en Avaliación | 7 |
| Manifiesto Educativo | 1 |
| “Cambio de ubicación”. Aviso de novo blog | 2 |

Cadro 2: Documentos colocados polos administradores e comentarios recibidos directamente na rede no segundo blog do Xeoforo

| Documentos colocados polos administradores del Xeoforo | Comentarios recibidos desde a rede |
|--|------------------------------------|
| Presentación | 0 |

3W Revista Bibliográfica de Geografía y Ciencias Sociales, Universidad de Barcelona, Vol.XII, nº 764, 5 de diciembre de 2007. [<http://www.ub.es/geocrit/b3w-764.htm>]. [ISSN 1138-9796].

²⁰ MARTÍN, Cristina; GARCÍA, Francisco. Algunos recursos en Internet para mejorar la enseñanza de la geografía. *Ar@cne. Revista electrónica de recursos en Internet sobre Geografía y Ciencias Sociales*. [En línea. Acceso libre]. Barcelona: Universidad de Barcelona, nº 118, 1 de marzo de 2009. <<http://www.ub.es/geocrit/aracne/aracne-118.htm>>.

| | |
|---|---|
| Reseñas e Noticias: Seis diferentes documentos | 3 |
| Segundo debate. A globalización | 2 |
| Por qué ensinar xeografía. A educación en Colombia (Documentos) | 3 |
| Terceiro Debate | 0 |

4.-O futuro do Xeoforo

Tal como expresan as opinións das persoas que teñen consultado os dous blogs do Xeoforo entendemos que o Xeoforo Iberoamericano sobre Educación, Xeografía e Sociedad permite un enriquecemento na teoría e na práctica pedagóxica. Ademais constitúe un gran desafío para o uso axeitado das novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe da Xeografía. Aspiramos a que persoas descoñecidas podan entrar no foro e aporten o seu coñecemento, pois seguro que así poderemos incrementar a nosa reflexión teórica e intercambiar as experiencias didácticas.

Son tres os ámbitos principais que pretendemos potenciar. Por unha banda a reflexión crítica sobre o ensino e aprendizaxe da xeografía como corpo de coñecemento institucional; ou sexa regulado por leis, decretos, ordes, normas, currículos, manuais escolares, inspeccións administrativas e formación dos docentes. Outro aspecto que queremos difundir é a presenza de recursos nas novas tecnoloxías e nos instrumentos tradicionais para poder formalizar un saber escolar, fomal ou informal, que permita estudar as relacións sociais, a creación das identidades espaciais, a preocupación polo risco ambiental e a ordenación do territorio. Por último queremos establecer unha rede social de persoas e colectivos que manteñen unha vontade de contribuir á formación dunha cidadanía crítica e emancipada das áncoras do poder cultural hexemónico, que impide pensar libremente.

Por fortuna empezamos a atopar comentarios que nos indican que imos no camiño desexado. Isto é o que confirman opinións como as expresadas por persoas como Mario Villamil, que sinala que no Xeoforo atopou un lugar onde reflexionar teóricamente sobre as preocupacións docentes que aparecen a cotío nas aulas escolares²¹. Precisamente este é o noso desexo, para o que invitamos a todas as persoas preocupadas polo ensino das ciencias sociais e da xeografía en particular.

Entendemos que un aspecto moi importante na constitución deste Xeoforo é a participación de grupos de innovación que están funcionando nos diferentes países, pois desde estas equipas de traballo pódese difundir outras miradas sobre o saber xeográfico e a súa aprendizaxe nos ámbitos formais e non

²¹ Opinión recollida no debate sobre "Educación Iberoamericana" o día 13 de xuño de de 2009: "encontré un asidero para preguntar por mis ausencias teóricas y mi interés particular sobre la discusión de los problemas actuales dentro del campo de la enseñanza de la geografía en la escuela secundaria".

formais. Así podemos citar aos grupos *Geopaideia* en Colombia, *Geoperspectivas* en Argentina, *Gea-Clío* en España. Son proxectos que deben moito á vontade de persoas concretas, como é o caso da profesora Nubia Moreno que impulsa a creación dunha rede iberoamericana de profesores²², ou no caso de Diana Durán que anima aos estudantes e profesores arxentinos a participar no grupo *Geoperspectivas* e no programa *Humus*²³, así como Elsa A. Rodríguez no caso do grupo colombiano *Geopaideia*²⁴.

Igualmente no futuro aspiramos a que na sección de recursos de ensino básico podamos incluír diferentes instrumentos didácticos e recursos que utilizan os profesores no seu labor docente. Entendemos que esta posibilidade de intercambio, que xa existe nas diferentes páxinas web dos grupos citados²⁵, pode facilitar que outros profesores, illados na práctica das súas aulas, podan transferir o seu coñecemento e facer públicas as súas inquiredanzas e certezas.

²² Referímonos a “La RED LATINOAMERICANA DE INVESTIGADORES EN DIDÁCTICA DE LA GEOGRAFÍA – REDLADGEO – es el esfuerzo y resultado de un equipo de docentes investigadores interesados en la didáctica de la geografía, así como en las diversas posibilidades que existen y se pueden construir para consolidar una enseñanza y aprendizaje renovado de esta disciplina. Esta red surge a partir del encuentro de saberes e inquietudes suscitadas en el marco del XI ENCUENTRO DE GEÓGRAFOS DE AMÉRICA LATINA – EGAL – realizado en la ciudad de Bogotá D.C. del 26 al 30 de marzo de 2007”, tal como aparece na páxina web de *Geopaideia*.

²³ Pódese atopar máis información na páxina web-blog: <http://geoperspectivas.blogspot.com/2007/11/programa-humus.html>

²⁴ Ver páxina web: www.geopaideia.com para obter máis información

²⁵ Así tamén podemos consultar programación didácticas, artigos, experiencias e avaliacións na páxina de *Xea-Clío*: www.geaclio.com